

1.- Final da idade Antiga.- S. I a IV dC. Patrística. Pais da Igrexa.

1.1. Pais apostólicos.

- Os apóstolos. S. II d. C.
- Gran distancia entre filosofía e Relixión. Relixión non filosofía. Poucos teóricos do Cristianismo. Instrumentalización da filosofía Grega ao servizo da relixión. Tamén da arte clásica...

1.2. Pais apoloxistas.

- Primeiras persecucións dos romanos aos cristiáns S. II
- Defensa xurídica e teórica da cidadanía dos cristiáns en Roma.
- Empregan o Platonismo para facerse entender.
- **S. Justino**: a filosofía grega é unha *revelación* parcial da mensaxe...

1.3. Escola de Alexandría. S. III

- Centro cultural e intelectual en tódolos saberes.
- Mistura do grego co Xudeo
- Converte parte dos elementos fundamentais do Cristianismo en filosofía helenística: platonismo e estoicismo.
- **Oríxenes** e **Clemente de Alexandría**

1.4. O Cristianismo relixión oficial do imperio. S. IV.

- Constantino: 313 legaliza o cristianismo e traslada a capital a Bizancio
- Teodosio 380 Edicto que converte a relixión cristiá na oficial do imperio perseguindo os cultos pagáns
- Caída do Imperio : **Agostiño de Hipona**

2.- A Idade Media.- S. V a XIV dC. A Filosofía Escolástica.

“Quen ensina nunha escola. Escolas monacais. A filosofía que se produce faise dentro do horizonte do dogma católico. Modo de facer filosofía que perdurará máis alá da Idade Media”.

2.1. **Preescolástica. S. V ao XI.**

- Guerras sucesivas invasores-invadidos: inestabilidade política, social e económica.
- Xorde o Feudalismo como sistema de organización socio político ate o S. XI co cambio que supuxo o nacemento das cidades.
- Xerese un ambiente pouco propicio para a produción cultural.
- Trabállase na conservación e transmisión da cultura anterior: nos mosteiros e logo, a partir do S. VIII con Carlo Magno, nas escolas palatinas. Románico
- **Casiodoro** (VI), **Isidoro de Sevilla** (VII), **Beda o Venerable** (VIII), **Juan Escoto Eriúgena** (IX), **S. Anselmo** (XI).

2.2. Escolástica Temperá. S. XII ao XIII.

- Maior estabilidade política e progreso económico: aparecen as cidades.
- Marco máis propicio para a produción cultural. Aparecen as monarquías centralizadas apoiadas nos cartos de mercaderes e burgueses fronte ao ruralismo dos feudais.
- Reforma do Cister: gótico.
- **Rosceline de Compiegne** (XII), **Guillermo de Campeaux** (XII).

2.3. Apoxeo da Escolástica. S. XIII.

- Estabilidade política.
- Aparición das universidades a partir das escolas palatinas (París e Oxford)
- Encontro con árabes e xudeos: aportación que xurde en oriente e desprazase progresivamente cara occidente. Posibilita o acceso ao pensamento helenístico na súa totalidade - incluído Aristóteles -. Ademais de aportar o seu pensamento propio: matemáticas, astronomía, medicina e filosofía.
- Árabes: **Avicenas**, **Averroes**; Xudeos: **Avicebrón** e **Maimónides**
- Conclúese co S. XIII con convencemento de que é posible a síntese entre filosofía e revelación: coñecementos racionais e datos de fe elementos complementarios un único sistema
- **S. Buenaventura**, **S. Alberte Magno** e **Sto. Tomé de Aquino** (XIII).

2.4. Crise da Escolástica. S. XIII ao XIV.

- Ruptura do equilibrio razón – fe; natural – sobrenatural; espada – cruz; trono – altar. Posturas de oposición moi extrema.
- As cruzadas perden o seu carácter espiritual. Os príncipes cristiáns enfróntanse ao Papa...
- No 1277 condénase o Averroísmo Latino.
- A universidade de Oxford cobre forza e tamén as súas propostas de ideas centrais o coñecemento do individual como fundamento da realidade a importancia da experiencia...
- Conclusión: o esforzo de apoiar o dogma no discurso racional está condenado ao fracaso
- **Duns Escoto** **Guillerm de Ockham**(XIV).